

DECRETO

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais preceptos concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF) e de conformidade co disposto no artigo 78.2 do ROF polo presente veño en convocar sesión ordinaria que se celebrará no Salón de Plenos o vindeiro día **28 de setembro**, ás 21:00 horas e no caso de non existir quórum necesario, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora, para debatir os asuntos relacionados no seguinte:

I PARTE RESOLUTIVA

1º.- Aprobación das actas das sesións ordinarias celebradas os días 30 de marzo e 28 de abril de 2017.

2º.- Aprobación, se procede, da conta xeral do exercizo de 2016.

3º.- Aprobación inicial, se procede, do Orzamento Xeral do Concello de Cambados para o exercizo de 2017.

4º.- Fixación dos festivos locais para o ano 2018.

II PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO

5º Acordo do grupo de goberno instando ao Servizo Galego de Saúde á apertura inmediata do terceiro andar do Hospital do Salnés

6º.- Dar conta do informe de intervención dos acordos adoptados contrarios ao seu informe, así como do resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos

7º.- Dar conta das resolucións da alcaldía

8º.- Rogos e preguntas

Da presente convocatoria, das actas e da orde do día darase a debida notificación a todos os membros da Corporación, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos.

A Alcaldesa. O Secretario Xeral

Documento asinado electrónicamente.